

Boletín CAIA 15

Febreiro 2025



A xuventude concéntrase en Santiago de Compostela defendendo o futuro do galego

Miles de persoas mozas concéntranse en Santiago de Compostela o pasado 23 de febreiro reclamando a protección do galego. Unha das peticións que máis forza tivo foi a de protexer o galego nos centros de ensino.



Nos últimos anos o xogo online converteuse nunha problemática de gran importancia

Unha das grandes preocupacións contemporáneas é como o xogo online xera adicción nos adolescentes, especialmente. Fai uns anos o Ministerio de Sanidade lazou este informe que podes descargar dende aquí no que expón como a xuventude estaba a normalizar as apostas.



Os espazos públicos coma ferramenta de protección para a infancia e adolescencia

Investigacións da ONU revelan que os espazos públicos fomentan a cohesión social, e fortalecen as redes de apoio. Polo tanto, as planificacións urbanas deben ser deseñadas para as persoas, non para os coches ou empresas.



Nenos, nenas e adolescentes dos CLIA relatan como as súas propostas se traducen en melloras para a infancia e adolescencia

As avaliacións do programa Cidades Amigas da Infancia reflicten como os CLIA producen melloras reais e efectivas nos concellos onde están presentes.



A Xunta de Galicia e entidades de protección á infancia e adolescencia reúnen-se para revisar o programa FEDER 2021- 2027

Na reunión tratouse o tema da repartición de fondos europeos, nesta estivo a Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia defendendo os dereitos da infancia e adolescencia, para que sexan tidos en conta no reparto de fondos.



A Ministra, Sira Rego, reúne-se co Consello Asesor de UNICEF

O pasado 20 de abril a ministra de xuventude, Sira Rego, reuniuse co consello asesor de UNICEF en Madrid. Onde o noso compañeiro Juan tivo a oportunidade de intervir.

INFORME DEL COMITÉ DE PERSONAS EXPERTAS PARA EL DESARROLLO DE UN ENTORNO DIGITAL SEGURO PARA LA JUVENTUD Y LA INFANCIA

O Ministerio de Xuventude e Infancia publica un informe sobre a necesidade de crear contornas dixitais seguras

O Ministerio de Xuventude saca á luz o Informe do Comité de persoas expertas para o desenvolvemento dunha contorna dixital segura para a xuventude e infancia. Neste ademais de facer unha aproximación á realidade da infancia e adolescencia española con respecto das tecnoloxías propón unha batería de medidas para encargarse desta problemática



A FEGAMP celebra un encontro de alcaldesas e concelleiras baixo o lema “A mocidade, forza motriz para a igualdade”

Alcaldesas e concelleiras dialogaron o pasado xoves 27 de febreiro sobre boas prácticas e propostas para promover políticas locais de igualdade coa mocidade.

Experiencias noutros territorios



Cibercorresponsables no Senado debatindo sobre os retos e oportunidades das novas tecnoloxías para a infancia e adolescencia

O pasado 24 de febreiro a “Xornada sobre protección da infancia e adolescencia en contornas dixitais” contou coa participación do presidente do Senado, o CEO do grupo MasOrange e o director de Save the Children. Ademais, da mocidade que participa en Cibercorresponsables



O CNIAC realiza o seu XXII Encontro do Consello de Educación

O 15 de febreiro ten lugar o XXII Encontro do Consello de Educación do CNIAC, que tivo como eslogan: “Cuidamos la Educación por una Educación que nos cuide”. A súa finalidade foi traballar nunha educación orientada na búsqueda da xustiza global.